



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 24 DE NOVEMBRO DE 2016

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:15 minutos do día 24 de novembro de 2016 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez, D. Jesús Fernández García, D^a Tania Díaz Seijas, Dona María José Martínez Vigo, D. Xosé Ferreiro Fernández, D. Francisco Xabier Molinos Campos, D^a Juana Romero García e D^a Magdalena Ron Villar, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Excusan asistencia dona María Luisa Meilán Lombao e dona María Begoña Seco Varela

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE XUÑO DE 2016

Iníciase o debate sobor este punto mediante a intervención do concelleiro do grupo municipal do BNG, Xabier Molinos, no que se fai constar que no primeiro punto da orde do día fanse constar intervencións do Alcalde que non tiveron lugar nese concreto punto da orde do día.

Tamén pregunta porqué se presenta a aprobación a acta de xuño cando cando se aprobaron posteriormente actas de sesións posteriores.

A instancias do Alcalde, o Secretario resposta, respecto da segunda pregunta, que a acta non estaba redactada, respecto da puntualización relativa á intervención do Alcalde, explica que se verqueron ditas afirmacións sobor o aprazamento da aprobación dos orzamentos ao longo da sesión, e que ditas afirmacións se ubicaron sistemáticamente no punto relativo aos orzamentos xa que a acta ten por obxecto facer unha exposición sucinta dos motivos que levan a aprobación ou rexeitamento dun acto, non un relato cronolóxico e exhaustivo das intervencións de cada concelleiro, que sería o obxecto propio dun diario de sesións. Afirmo que, de feito, coa actual Lei 40/2015, se permite que a formulación das actas se limite a consignar o contido do acto e o resultado da votación, xuntando a copia dixital da grabación da sesión.

O concelleiro do grupo municipal do BNG considera que é máis correcto que se recollan no concreto punto da orde do día en cuxo debate se verquen, e que non lle parece correcto que se recollan neste punto argumentos do Alcalde verquidos noutros intre e, nembargantes, non se recollan os verquidos polos concelleiros da oposición fora do punto da orde do día (coma o feito de que, en realidade tiveron dous días para o estudo dos orzamentos, xa que un dos días fora festivo).



Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde afirma que para a perfecta constancia e reprodución literal e cronolóxica de todas as intervencións xa se gravan as sesións plenarias.

A voceira de Foro Lugo Independiente considera que o Secretario debería respectar a legalidade na redacción das actas. Tamén afirma que no tratamento do primeiro punto da orde do día –aprobación da acta da sesión do 28 de abril- fai constar que esta voceira formula aclaracións respecto da súa intervención en tal sesión plenaria, pero sin expresar cales. Considera que a lei dí que cando ela fala é para que se fagan correccións, neste caso por omisións de intervencións sobre o fondo e moi importante, coma era o caso da omisión dun informe de intervención.

O Alcalde recorda que os concelleiros non poden instar directamente a intervención do Secretario, senón que ésta a ten que autorizar o Presidente da sesión, e que o autoriza no presente caso.

O Secretario afirma que cando se está a tratar o punto relativo a aprobación dunha acta, deberán facerse constar as opinións sintetizadas dos grupos políticos ou membros da corporación en relación ao punto, pero non toda disquisición que non teña que ver co punto da orde do día, coma por exemplo aproveitar o punto relativo a aprobación da acta dunha sesión para voltar a reabrir os debates da sesión cuxa acta se aproba.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada con seis votos a favor, dous votos en contra, pertencentes ás concelleiras do grupo municipal de Foro Lugo Independiente, e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do Bloque Nacionalista Galego.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2015

Abre o debate o sr. Alcalde proponendo aprobar definitivamente a conta xeral correspondente ao exercizo 2015 e ditaminada favorablemente pola comisión especial de contas.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Xabier Molinos, considera que na rendición das contas deben cumprirse certos requisitos, coma a de claridade, fiabilidade e comparabilidade, requisitos que non cumpre esta conta xeral, xa que determinados valores (como inmovilizado.. etc.), se remiten aos anexos, sen que éstos aparezan numerados ou, nalgúns casos, nin tan sequera identificacos coma tales anexos.

Tamén destaca que a conta xeral non se rendiu perante a Comisión especial de contas antes do 1 de xuño, tal e como afirma a lei, senón o 15 de setembro. Tamén afirma a lei que a conta xeral terá que ser elevada ao Pleno para a súa aprobación anterior ao 1 de outubro. Hoxe é o día 24 de novembro (excedendo en máis de dous meses o límite legal).



Concello de Outeiro de Rei

Advirte que o artigo 193.4 TRLH, establece a dación de conta no primeiro pleno que se celebre do informe de intervención. Este informe ten data de 22 de xuño, así que se celebrou un pleno ordinario o 27 de outubro sen que se dese conta no mesmo de dito informe.

O informe de intervención destaca que aínda non se adaptou plenamente a contabilidade á nova instrucción contable, así como que existen deficiencias contables tanto en ingresos coma en gastos na desagregación por programas e subconceptos, motivo polo que non se axusta á lei.

Mostran a súa disconformidade cos datos que pon de manifesto a Conta sobor investimentos reais e sobor a partida de servizos sociais e promoción social, que representa unicamente o 3,86% do ingresos, ou promoción do emprego (5,45%), mentres que existe un remanente de tesourería positivo de 676.434 euros.

Asemade, no análise de execución do gasto, reconécese que soamente se executou o 66% dos créditos, namentres que a presión recadatoria medra, sendo xa os tributos municipais o 56% dos ingresos, sendo os cidadáns os principais afectados.

Continúan aparecendo os avales urbanísticos que xa foron obxecto de comentario na comisión informativa e na que se expresou que era un erro que estivesen alí reflexados.

Concluindo, o BNG non pode votar a favor da aprobación dunha conta na que concurren todas as irregularidades denunciadas.

A voceira de Folo Lugo Independiente, anuncia que non votarán a favor por moitos motivos, entre outros por falla de transparencia, xa que, coma xa se advertiu na comisión informativa, non está presente a sra. Interventora, e non porque non quixese estar, xa que na sesión da comisión informativa estaba presente no concello no momento da celebración. Polo tanto, a única persoa do concello capacitada para dar respostas a determinadas cuestións sobor a conta non estaba disponible para a corporación.

Esto fai pensar que o Goberno municipal ten algo que ocultar, xa que non facilita á oposición información sobor un dos puntos de maior trascendencia na xestión municipal, cal é a xestión económica.

Roga que, no sucesivo, requira á interventora para que esté presente nas sesión dos órganos colexiados que traten asuntos económicos.

Respecto da conta xeral, están en contra da súa aprobación, xa que a conta xeral do ano 2015 debería haberse presentado antes do día 1 de xuño de 2015. É dicir, fai máis de un ano, polo que entenden que están facendo un balance de final de ano o que é totalmente ilegal.

Asemade, o informe da sra. Interventora advirte deficiencias na contabilización de



Concello de Outeiro de Rei

ingresos e de gastos, así como que é necesario contabilizar os ingresos e gastos a nivel de desagregación. Tamén advirte da irregularidade de contabilizar agrupacións de facturas do mesmo proveedor ou de ingresos procedentes de subvencións.

Conclúe que as contas poñen de manifesto que non se está a invertir en emprego ou servizos sociais, é dicir, naquelo que realmente importa aos veciños e veciñas e que permitiría paliar as consecuencias da crise.

O Alcalde considera que as intervencións dos grupos da oposición son iguais e cun sólo voceiro abundaba. Considera que as contas son claras e que reúnen tódolos requisitos legais para a súa aprobación, e reconece que se presentaron un pouco fora de prazo, se ben esto se debe ás limitacións de persoal e orzamentarias, xa que de contar cun interventor a tempo completo suporía un incremento sustancial do gasto.

No tocante a estabilidade orzamentaria, xa se explicou que se debe ao retrasa na cobranza de determinados impostos, e respecto dos avales, deberían estar cancelados no momento da confección da conta, se ben a día de hoxe xa están cancelados. Asemade, recorda que unha cousa son os orzamentos e outra a conta xeral, e que aquí se está a debatir a conta xeral.

O concelleiro do BNG considera que o feito de que segan a figurar os avales de fai preto de dez anos non é propio dunha contabilidade seria.

Tamén sinala que o Goberno do Estado requeriu de información ao Concello de Outeiro de Rei (orzamentos do ano pasado, líneas fundamentais do orzamento...), e que non foron aportados, o que explica que na prensa figurase a nova segundo a cal e de acordó con fontes do Ministerio de Facenda, en Galicia hai sete concellos que practicamente omiten todos os datos que deben renderse perante o Ministerio, de dentro de esos sete concellos galegos incumpridores está o concello de Outeiro de Rei.

E isto o dí o sr. Montoro, non o BNG, polo que non pode dicir que hai transparencia ou rigor no cumprimento das obrigas contables.

A voceira de Foro Lugo Independiente reitera a súa postura de oposición á aprobación da conta xeral en base aos argumentos anteriormente expostos, e que na conta se recollen os datos da totalidade da xestión económica do concello: tamén dos orzamentos, motivo polo que todo está relacionado.

O Alcalde afirma que sí que se pasa ao Ministerio a información requerida e que unha cousa é o debate dos orzamentos, no que se expoñen as posturas sobor a qué se deben adicar os cartos, e outro o debate de aprobación da conta, que ten por obxecto verificar si se realizou correctamente a xestión económica municipal. É dicir, é un documento técnico formulado por funcionarios.

Remata expresando a súa satisfacción polo feito de que dende a oposición non se critiquen as contas, senón que se limiten a criticar si se presentaron ou non en prazo ou



Concello de Outeiro de Rei

si se é ou non transparente.

Este debate pon de manifesto que a oposición carece de argumentos para criticar a xestión económica municipal, e como non teñen nada que criticar pretenden e extender dúbidas sobor unha presunta xestión municipal obscura.

O equipo de Goberno seguerá a traballar para mellorar os servizos municipais, servizos que son perfectamente comparables cos que prestan concellos gobernados por outros partidos políticos, e que a día de hoxe teñen o respaldo da poboación municipal.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da conta xeral do exercicio 2015.

Realizado o debate, a conta xeral resulta aprobada con seis votos a favor e catro votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e Foro Lugo Independiente.

3.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE XUIZ DE PAZ SUSTITUTO

O Alcalde informa que soamente se presentou un candidato, que é o que exerceu como xuíz de paz sustituto na etapa pasada (Pablo Illán Montouto), e propoñe que se volte a designar, xa que cumpriu perfectamente co seu cometido durante os anos que exerceu o cargo e logo que non existe outra candidatura.

O voceiro do BNG anuncia que se van abster, e non porque teñan nada en contra da persoa que se propón, senón porque acaban de coñecer neste mesmo acto da identidade do candidato e porque consideran que debería artellarse un procedemento no que as veciñas e veciños do concello poidan desempeñar un papel máis activo na designación.

Considera que os membros da corporación deberían xuntarse formal ou informalmente para consensuar un candidato ou un procedemento de elección.

A concelleira de Foro Lugo Independiente afirma que non teñen nada en contra de esta proposta.

O Alcalde recorda que cando se convocou o Pleno xa estaba o expediente en Secretaría e no expediente figuraba a candidatura.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Elexir a don Pablo Illán Montouto, con DNI 33536127B, como xuíz de paz sustituto de este concello de Outeiro de Rei”.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do Bloque Nacionalista Galego.



Concello de Outeiro de Rei

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e oito minutos da data expresada no encabezamento, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde

O Secretario

V^oP^o; O Alcalde